



A TRADUCCIÓN LITERARIA Ó GALEGO DENDE OUTRAS LINGUAS DA PENÍNSULA¹

Patricia Buján Otero
Universidade de Vigo

Introducción

O obxectivo do presente traballo é mostrar unha panorámica das traducións literarias efectuadas ó galego de obras escritas orixinalmente nalgúns das outras linguas da Península ibérica, nomeadamente do asturiano, do castelán, do catalán, do éuscaro e do portugués. O espazo temporal de estudio está delimitado polo ano da aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983) e o 2002, abrangendo así un período de case dúas décadas. O corpus de trabalho elaborouse a partir das panorámicas publicadas en *Viceversa*, no *Anuario de estudios literarios galegos*, nos *Informes de literatura galega*, así como dos catálogos das editoriais. Anque amplo, pode que non sexa exhaustivo, sobre todo no que atinxé á primeira década, debido especialmente á escasa catalogación. Botouse tamén man da base de datos da oficina do ISBN ubicada na páxina web do Ministerio de Educación e Cultura, se ben os erros e a falta de rigor clasificatorio que presenta confírmanle unha utilidade limitada².

Tiveronse en conta non só as obras publicadas nas linguas da Península, escritas por autores de procedencia peninsular, senón tamén aquelas obras escritas por falantes destas linguas noutros territorios. No caso do castelán incluíronse pois autores americanos das literaturas arxentina, chilena e cubana; do portugués tomáronse autores de tódalas terras da Lusofonia, se ben só houbo lugar a incluir portugueses e brasileños; no catalán rexistráronse obras de diferentes autores dos Países Cataláns, comprendendo por tanto tamén a literatura balear.

A temática do relatorio é complexa: na produción, circulación e recepción das traduccións, que no caso do galego teñen —ou deberían ter— unha importante función na normalización da lingua, non só entran en xogo

¹ Este relatorio enmárcase no amplio proxecto galego-alemán 2002/PX046 (PGIDT Formación de Grupos) finanziado pola Xunta de Galicia.

² Por pómox un exemplo, a traducción da obra do catalán Quim Monzó *A magnitud da traxedia*, que Ediciones Positivas publicou no ano 1991, figura no ISBN como publicación en galego, traducida de “Otras lenguas”, e está incluída dentro da materia “Literatura española. Novela y cuento”.

Non só estamos gañando desta maneira lectores de galego, senón tamén lectores de traducións cunha conciencia do que este traballo implica, e poida que posibles consumidores que, unha vez chegados á idade adulta, reclamen traducións en galego.

Literatura para adultos

Tras este breve bosquexo da recepción entre o público infantil/xuvenil de material literario traducido, entramos agora na propia análise do corpus e, polo tanto, no propio tema de traballo. Como xa se mencionou, presenta-se unha análise por linguas, comezando polo catalán por ser Cataluña país de acollida deste congreso, e seguindo despois co portugués, o castelán e finalmente o éuscaro e o asturiano.

Catalán⁴

Do catalán predominan as obras e autores clásicos ou autores pertenecentes ó canon da literatura de orixe; ocorre así co más representativo poeta da Renaixença, Jacint Verdaguer (Folgeroles 1845-Vallvidrera 1902), de quen podemos ler en galego o poema épico *A Atlántida* (Xunta de Galicia, 1995, trad. M. Rodríguez López), ou cunha narradora da época moderna, Mercè Rodoreda (Barcelona 1909-Romanyà de la Selva 1983), quen con *A praza do diamante* retrata o franquismo en Barcelona (Galaxia, 1995, trad. Pilar Vilaboi).

De Joan Perucho (Barcelona 1920) contamos cun seu clásico en forma de prosa poética: *Monstruario fantástico: gaiola para animalitos felices* (Galaxia 1998). A escolha está sen dúbida determinada pola súa proximidade estética e persoal a Cunqueiro, e moi especialmente ás súas *Novedades do mundo e fauna máxica* contidas en *Escola de menciñeiros* (o propio Cunqueiro foi *anosador* de Perucho nos anos 60, convertendo o Mediterráneo en Atlántico).

Atrás fican mencionadas as catro traducións de Manuel de Pedrolo (L'Aranyó 1918-Barcelona 1990). De narrativa actual está presente unha novela de Quim Monzò (Barcelona 1952), *A magnitude da traxedia* (Edicións Positivas, 1991, trad. M. Cortés), autor quizais máis célebre no mundo da traducción polos seus relatos. Segundo coa literatura contemporánea, anque xa non tan actual, encontrámoxos unha obra do ano 1988, *Camino de sirga*, de Jesús Moncada, publicada no 1997 por Xerais, e na que se relata o asolagamento dun pobo para construír un encoro no Alto Ebro.

É curioso o feito de darmos con obras que falan de personaxes ou feitos relativos a Galicia. É o caso da mestura de ensaio e creación que constitúe *Rosalía non estaba ali*, de Teresa Pàmies, publicada no ano 1982 na súa lingua orixinal e en galego no 1996. Dentro da literatura xuvenil, Galicia é trasfondo en *O galeón das Illas Cíes*, escrita por Josep Lorman

⁴ Sobre esta cuestión vid. X. Rodríguez Baixeras, "Sobre a historia da traducción do catalán ó galego (e viceversa)" contido en www.escriptors.com/galeusca/pon_baixeras.html. [Última consulta: 18-06-03]